

GitHub Foundations

Descrición

GitHub Foundations proporciona unha introdución completa aos conceptos fundamentais, funcionalidades e produtos de GitHub. Ao longo da formación estúdanse os principios do control de versións e Git, a xestión de repositorios, ramas e commits, o fluxo de traballo de GitHub e as principais ferramentas de colaboración.

O curso aborda tamén a xestión de proxectos, as pull requests, issues, discussions e notificacións, así como os fundamentos de seguridade, autenticación, permisos e administración. Introdúcense igualmente as prácticas modernas de desenvolvemento asociadas a GitHub Actions, GitHub Copilot e GitHub Codespaces e os principios de colaboración en proxectos de código aberto e InnerSource.

A formación está orientada á adquisición das competencias necesarias para preparar a certificación oficial GitHub Foundations (GH-900).

Obxectivos

- Comprender os fundamentos do control de versións e diferenciar Git de GitHub.
- Manexar os principais conceptos de Git: repositorios, commits, ramas e fusións.
- Comprender a estrutura e o funcionamento dos repositorios de GitHub.
- Utilizar o fluxo de GitHub para colaborar en proxectos.
- Traballar con branches, commits e pull requests.
- Utilizar issues, discussions, notificacións e outras ferramentas de colaboración.
- Xestionar proxectos e organizar o traballo mediante as funcionalidades de GitHub.
- Coñecer as principais prácticas modernas de desenvolvemento dispoñibles en GitHub.
- Comprender o propósito de GitHub Actions, GitHub Copilot e GitHub Codespaces.
- Coñecer os fundamentos de autenticación, autorización, permisos, privacidade e seguridade en GitHub.
- Comprender os modelos de organizacións e administración de GitHub.
- Aplicar boas prácticas para manter repositorios seguros.
- Comprender os principios de colaboración en proxectos de código aberto e InnerSource.
- Preparar as competencias avaliadas no exame oficial GH-900.

Dirixido a

- Persoas que queiran iniciarse no uso de Git e GitHub.
- Desenvolvedores e desenvolvedoras que necesiten coñecer os fundamentos da plataforma GitHub.
- Profesionais de sistemas, administración e DevOps que traballen con repositorios e equipos de desenvolvemento.
- Profesionais non desenvolvedores que utilicen GitHub para colaborar, documentar ou xestionar proxectos.
- Persoas interesadas en preparar a certificación oficial GitHub Foundations GH-900.

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

Microsoft Certified Trainer con experiencia acreditada en desenvolvemento de software, control de versións con Git e utilización e administración de GitHub, con dominio da xestión de repositorios, fluxos de colaboración, pull requests, xestión de proxectos e fundamentos de seguridade e administración da plataforma.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	01/10/2026 - 15/10/2026
PROBA DE SELECCIÓN	16/10/2026 (00:00)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Presencial

GitHub Foundations

TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	25 horas
DATA INICIO	23/11/2026
DATA FIN	27/11/2026
HORARIO	De luns a vernes de 16:00 a 21:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	GH-900: GitHub Foundations
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	DevOps Microsoft Azure
PERIODO DOCENCIA	23/11/2026 - 27/11/2026

Temario

Módulo 1: Fundamentos do control de versións
Módulo 2: Introducción a GitHub
Módulo 3: Produtos e ferramentas de GitHub
Módulo 4: Traballo con repositorios
Módulo 5: Colaboración con GitHub
Módulo 6: Xestión de cambios mediante pull requests
Módulo 7: Busca e organización do historial
Módulo 8: Xestión de proxectos
Módulo 9: Prácticas modernas de desenvolvemento



Módulo 10: Seguridade e mantemento de repositorios
Módulo 11: Administración, autenticación e autorización
Módulo 12: Comunidade e código aberto
Módulo 13: InnerSource
Módulo 14: Introducción práctica a GitHub Copilot
Módulo 15: Preparación para a certificación GH-900